


ESPANTALLO AMIGO

Autor Xosé Neira Vilas
Páxinas 72 páxinas
Editorial Galaxia Colección Árbore
Idade A partir dos 8 anos



SINOPSE

Hai homes coma espantallos e espantallos coma homes. O protagonista desta obra ten un corazón de pexego, morno e bo coma os seus feitos.

Esta é a historia dun espantallo que en vez de espantar os melros, faise amigo dos animais e dos rapaces.

Un día, para defender unha figueira das peteiradas voraces dos melros, o tío Ramón de Rebordena colle a machada, corta uns casqueiros miúdos de pino manso, átaos cun vimbio e fai unha cruz. Despois vai enchendo aquel esquelete con palla, ponlle un melón no sitio da cabeza e acaba por vestilo cunha chaqueta e uns pantalóns remendados. Ata lle mete dúas cereixas nos ollos e un pexego no sitio do corazón. Así naceu Espantallo.

AUTOR

XOSÉ NEIRA VILAS

Neira Vilas é sen dúbida un dos escritores máis sobranceiros do noso país. Nacido en Vila de Cruces en 1928, a súa vida e a súa obra está marcada pola emigración, que el viviu en primeira persoa en Arxentina e Cuba. Dese sentir nace *Memorias dun neno labrego*, un dos libros máis famosos das letras galegas. A mestría do Neira Vilas narrador amósase nese e noutros moitos libros que lle valeron o recoñecemento da sociedade galega.

ILUSTRADORA

PENÉLOPE ARES

Nacida no ano 1964 ilustrou, entre outros, os libros para nenos *Espantallo Amigo*, *O león e o paxaro rebelde*, *A escola de medra pouco*, *Toribio ten unha idea* e *Noa*.

VALORES

- A resolución de conflitos de xeito pacífico (Ed. para a Paz).
- O respecto polos seres da natureza.
- Reivindicación do mundo rural ante o éxodo no século XX.
- A solidariedade cos que non teñen recursos económicos.
- O respecto polos anciáns.

ANTES DE LER O LIBRO

EXPRESIÓN ORAL

- Falar da prosa e o verso. Os títulos dos capítulos están en verso e a presentación dos personaxes tamén (pareados). Coñecen os nenos algunha rima?
- Facer un rap a partir de moitos pareados relacionados co libro. Lelo en voz alta coa colaboración de todos.

EXPRESIÓN PLÁSTICA

- Facer nunha cartolina un cadro cos debuxos dos personaxes ampliados e coloreados, co seu pareado de presentación e colgalo na cortiza da clase

DURANTE A LECTURA DO LIBRO

DEBATE NA AULA

- “(O Espantallo) De lonxe semellaba un home. Tamén hai homes que de lonxe semellan espantallos”. ¿Que pensades sobre estas frases?

- ¿Cal é o trato que fan o espantallo e os merlos? ¿Parcévos xusto? E vós, ¿que tratos facedes cos vosos amigos ou cos vosos familiares?
- Hai tamén un trato con Penexo, o can. ¿Como se convenceu para deixar de ladrar? Comentade a frase: “Era boa cousa iso de amistar”
- ¿Que opinas sobre o feito de ter animais na casa?, ¿paréceche ben?, ¿ou todos deberían andar ceibos pola natureza?

EXPRESIÓN ESCRITA

- Conta como fixo o Espantallo para axudar ao tío Ramón na súa vellez. ¿E como axudamos hoxe ás persoas maiores?
- Escribe sobre o seguinte tema: ¿pensas que a xente maior, hoxe, está ben cuidada.

EXPRESIÓN PLÁSTICA

- Fai un debuxo do espantallo cun dos seus amigos : Penexo, Xirimía, Cri-Cri, os melros, etc. tal e como os imaxinas ti.
- Debuxar e fotocopiar un espantallo. Logo substituir a cabeza pola foto dos nenos/as da clase. Todos somos espantallos.

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

- Se xurdiu algún problema nos xogos entre os nenos (no recreo, en Ed. Física...) podemos aproveitar as ensinanzas do libro para arranxalo.
- ¿Paréceche que os castigos son unha boa maneira de solucionar conflitos, por exemplo, cos pais?

ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL

Uso do dicionario. Seguro hai moitas palabras que os nenos descoñecen, sobre todo relacionadas co campo: peteitar, lufada, apoliñar, algareo, ...

AO REMATAR A LECTURA
DO LIBRO

EXPRESIÓN PLÁSTICA

Construir entre toda a clase e a axuda do mestre ou mestra un espantallo de verdade, tal e como se desenvolve na lectura do libro.

EXPRESIÓN ORAL

- Debate: A Galicia rural fronte á Galicia urbana: vantaxes e inconvenientes (sobre todo se a lectura faise nun entorno urbano). ¿Vistes algunha vez algún espantallo?
- Medidas contra a pobreza. ¿Que podemos facer para axudar a aqueles que non teñen recursos? (recalcar que tiramos moito que outros poden aproveitar: roupa, comida, utensilios...).
- Redacción dun “Decálogo para erradicar a pobreza” feito entre todos.

EXPRESIÓN ESCRITA

Inventade por parellas un final distinto se o espantallo chegase a outro lugar no seu voo polas eiras.

INVESTIGA

- Todo comezou nunha figueira. Investigade outras árbores froiteiras que podemos atopar en Galicia, cando saen os seus froitos, que cuidados teñen...
- As ONG de axuda ás persoas sen recursos. Non só cando hai unha catástrofe e se ven na televisión, seguro que tamén as hai no contorno.
- O autor: investiga a súa vida e a súa obra, fundamental na literatura galega.
- Elaboración dun mural dedicado aos grandes pacifistas da historia: Gandhi, Martin Luther King, John Lennon...

CINE

Podemos aproveitar a ocasión para proxectar unha película sobre os valores da amizade ou a resolución de conflitos dun xeito dialogado. Algunhas suxerencias:

- *Shrek*
- *Babe, el cerdito valiente*
- *Toy story*

PÁXINAS WEB QUE
PODES VISITAR

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Figueira>

http://gl.wikipedia.org/wiki/Xos%C3%A9_Neira_Vilas

www.vigoweb.net/bancodealimentos

www.noticiasgalicia.com/gpx/ong.html

www.sgep.org/modules/news

www.edu.xunta.es/diccionarios/index_rag.html